

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Optometría

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - [Dimensión 2. Recursos](#)
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - [Dimensión 3. Resultados](#)
 - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

- Plan de Melloras
 - Accions abertas de axendas anteriores
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [AM-2](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - [AM-1](#)
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-3](#)
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

Máster Universitario en Optometría

- [AM-4](#)
- Otros Criterios

Máster Universitario en Optometría

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|--|
| Denominación do título | Máster Universitario en Optometría |
| Mencións/Especialidades | **Mencións/Especialidades** |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | - |
| Centro responsable | Facultade de Óptica e Optometría |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Óptica e Optometría |
| Rama de coñecemento | Ciencias da Saúde |
| Número de créditos | 60 |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Estudio semipresencial |
| Curso de implantación | 2018 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | **Data Verificación** |
| Data renovación acreditación | **Data Renovación Acreditación** |

Máster Universitario en Optometría

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada. Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Máster en Optometría é unha titulación de orientación mixta, profesional e investigadora. Está dirixido especialmente a graduados/as en Óptica e Optometría, e tamén a outras titulacións en ciencias da saúde interesadas en mellorar nos coñecementos nas áreas propias da optometría para aplicalos á investigación e á especialización profesional, en atención primaria visual nos niveis de promoción, prevención, diagnóstico, tratamento, rehabilitación e investigación científica e tecnolóxica. O tipo de ensinanza é de carácter semipresencial, no que o alumnado dispón a través da Aula Virtual da Universidade de Santiago de Compostela (USC) dos materiais necesarios para seguir os contidos das clases de teoría e da maioría dos seminarios, sendo presencial a docencia das clases prácticas, así como nos seminarios dalgunhas materias.

O Máster en Optometría xustifícase por moitos motivos. Por un lado é evidente a necesidade de ofertalo debido á necesidade de dar continuación a estudos de primeiro ciclo existentes, superando así a carencia dun segundo e terceiro ciclo que viña arrastrando a Facultade de Óptica e Optometría da USC. Hai que ter en conta que a USC é a única Universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) onde se imparte o Grao en Óptica e Optometría, polo que é natural que os estudos de posgrao tamén se impartan nesta Universidade. Deste xeito, os titulados en Óptica e Optometría da USC poderán continuar cos estudos de doutoramento específicos do SUG sen necesidade de ter que cursar o segundo e terceiro ciclo noutras comunidades autónomas.

Pola outra banda houbo un gran avance nos últimos anos na Óptica e Optometría que obriga a incluír novas materias que non se contemplan no plan de estudos do grao e que dotarán ao Óptico-Optometrista egresado/a dun maior número de competencias profesionais. Isto redundará nunha maior mobilidade profesional na Unión Europea e noutros países (USA, Canadá, Australia, Nueva Zelanda, Colombia...etc.), onde a Optometría alcanza altos estándares de calidade. Ademais, hai que considerar o Diploma Europeo en Optometría, desenvolvido pola ECOO (*European Council of Optometry and Optics*) para asegurar unha formación e unha práctica en optometría con altos estándares de calidade ao longo de toda a Unión Europea, e que permita a libre mobilidade de ópticos-optometristas en Europa. O Portafolio de Práctica Clínica, implementado na Facultade de Óptica e Optometría, é un dos estándares establecidos para o Diploma Europeo como evidencia da cantidade, diversidade e calidade da atención optométrica prestada a pacientes.

Hai que salientar que existe un aumento da demanda social de profesionais en Optometría, cunha maior especialización, en ámbitos inter e multidisciplinares relacionados coa saúde visual. Ademais, dende o sector empresarial e profesional (empresas, asociacións de empresarios do sector, Colexio Profesional de Ópticos-Optometristas) realizase unha valoración moi

Máster Universitario en Optometría

positiva dos estudos conducentes a posgraos en Optometría.

A investigación en optometría e visión, tanto básica como clínica, profundiza no coñecemento das estruturas, funcións e alteracións visuais, enfermidades e o seu tratamento, coa finalidade de explorar técnicas innovadoras, protocolos e ferramentas que permitan mellorar e coidar da visión dos pacientes. Os avances científicos en optometría e visión fan necesario unha especialización profesional específica e a formación de investigadores que desenvolven, innoven e apliquen técnicas avanzadas á solución dos problemas visuais da poboación.

Este máster ten un carácter semipresencial, o que se xustifica na súa orientación eminentemente práctica destinada á aplicación directa nos diferentes ámbitos da empregabilidade dos profesionais que o soliciten, xa sexa na faceta de óptico-optometrista como profesional sanitario, ou ben desenvolvéndose como investigador en diferentes organizacións e centros singulares de investigación

O curso 2021-22 é o cuarto no que se imparte o Máster en Optometría, contando cun total de 13 matriculados, dos cales 6 eran de novo ingreso dun total de 25 prazas ofertadas, o que supón unha taxa de ocupación do 24% (IN12M), claramente inferior á obtida o curso anterior (72%). Cabe citar, precisamente, que para ese curso (2020-21) reforzáranse as accións divulgativas do máster, celebrándose o 24 de abril de 2020 unhas xornadas online de orientación de posgrao, tituladas “*Vías de formación tras el Grado en Óptica y Optometría*”, organizadas polo alumnado de cuarto curso de grao e egresados/as desta facultade. Estas xornadas foron un éxito de asistencia (132 alumnos/as de todas as facultades de España), onde o Máster en Optometría da USC fora escollido como a 3ª opción na orde de preferencia entre os asistentes. Sen embargo, no curso 2021-22 non se celebraron estas xornadas para a captación do alumnado, polo que puido ser un factor da diminución na taxa de ocupación deste curso.

Tendo en conta estes resultados, necesítase reforzar a captación do alumnado, incidindo novamente nas xornadas de orientación de postgrao, que tan bo resultado deu para o curso 2020-21. Do mesmo xeito, tamén se debe reforzar a divulgación do máster que xa se ven facendo cada curso, como o envío de información das características do mesmo aos representantes e delegación de alumnado da facultade, ás restantes Facultades de Óptica e Optometría de España, así como as súas delegacións de alumnos, aos Colexios Profesionais de Óptica e Optometría e á “*Federación Española de Asociaciones del Sector Óptico*” (FEDAO).

Polo tanto, é necesario implantar unha acción de mellora que englobe estas tarefas destinadas a mellorar o nivel de captación do alumnado, tendo en conta que existe unha demanda de egresados para ampliar a súa formación, tal como se pode ver na alta ocupación (xerando en ocasións listas de agarda) dos cursos ofertados no Colexio de Ópticos-Optometristas de Galicia. Ademais existe un interese deste colectivo de acceder á titulación de máster para continuar coa carreira universitaria e realizar o doutoramento, tal como se recolleu nas consultas aos egresados. Débese recordar, que a pesar deste interese, a maioría dos egresados traballan en centros sanitarios de óptica, onde o seu horario laboral (maioritariamente de mañá e tarde) non facilita a compatibilización co estudo de máster.

Hai que salientar que non houbo ningún/a matriculado/a con acceso de outra titulación distinta do Grao/Diplomatura en Óptica e Optometría, a pesar de que o máster estendeuse a outras titulacións, tanto de Ciencias da Saúde como de outras Ciencias. Isto pode ser debido a que existe un amplo catálogo de másteres no catálogo da USC, polo que o alumnado doutras titulacións de grao tería máis preferencia por másteres con maior vinculación á súa formación académica. Ademais, débese ter en conta que a publicidade do máster, aínda que era para toda a comunidade universitaria, estivo moi dirixida a titulados/as en Óptica e Optometría.

1.2.- O plan de estudos desenvólvese seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co

Máster Universitario en Optometría

establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.

- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O actual programa formativo correspóndese coa memoria verificada, o que garante a adquisición por parte do alumnado das competencias recollidas nela.

Actualmente, na páxina web da facultade indícase o programa de cada materia onde se mostran os obxectivos da mesma, os contidos xerais, a bibliografía recomendada, así como as competencias que o alumnado debe adquirir. Tamén se inclúe información xeral da metodoloxía da ensinanza xunto co sistema de avaliación. Toda esa información está dispoñible no seguinte vínculo:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-saude/master-universitario-optometria>

A programación das materias do máster revísase cada ano ao finalizar o curso, onde se corríxen os posibles desaxustes que poidan existir coa memoria verificada en relación á consecución das competencias. O profesorado das materias é o encargado de facer a revisión da programación para ser aprobada polos departamentos con docencia no máster. Hai que salientar que a Comisión Académica do Máster e a Xunta de Facultade de Óptica e Optometría, centro ao que está adscrito a titulación, constitúen outros mecanismos para velar polo citado desenvolvemento.

O curso 2021-22 comezou coa adaptación da docencia presencial á pandemia Covid-19, establecido no curso 2020-21. Para iso a USC establecera unhas bases e directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura, onde se definiran tres escenarios posibles en relación coa evolución da pandemia. Os distintos plans docentes estaban adaptados a estes escenarios, segundo o alumando matriculado e ás instalacións e espazos de cada centro. De conformidade a isto, todas as materias do curso 2021-22 engadiron os escenarios nas súas programacións académicas, de xeito que a docencia adaptárase a un deles segundo a evolución da pandemia. Estes tres escenarios eran os seguintes:

- **Escenario 1: normalidade adaptada**

A docencia na aula (expositiva e seminarios) era de carácter presencial, mentres que a docencia de prácticas era semipresencial.

- **Escenario 2: distanciamento, restricións parciais á presencialidade física**

Toda a docencia era semipresencial.

- **Escenario 3: peche das instalacións**

Este escenario estaba en previsión dun novo confinamento da poboación, onde toda a docencia impartírase de forma virtual. Dende o decanato realizouse unha planificación académica en función do número de estudantes en cada materia, o material e distribución de espazos dispoñibles para a docencia para, finalmente, adoptar o escenario 2, docencia semipresencial.

Neste curso mantívose o escenario 2 ata que o 21 de outubro de 2021, derivado da evolución positiva da pandemia, a Xunta de Galicia declarou finalizada a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Por este motivo a USC publicou o 29 de outubro de 2021 a Resolución Reitoral pola que se modificaron as medidas fronte a la Covid-19 para el curso 2021-22, onde se volvía a utilizar a capacidade máxima de las aulas, polo que a docencia volvía a ser presencial. Sen embargo, para facilitar o desenvolvemento das materias organizadas para o escenario 2, dende o decanato mantívose a docencia semipresencial durante o primeiro semestre, comezando no segundo semestre coa docencia presencial.

Máster Universitario en Optometría

En relación co tamaño de los grupos, sempre deben ser axeitados para as a las actividades formativas. A media de alumnos matriculados en materias obrigatorias por grupo de expositivas (IN55M) foi de 7,17, mentres que a media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de expositivas (IN56M) foi de 4,20. Estes indicadores mostran diferencias en cada curso segundo o número de matriculados (táboa 1). De tódolos xeitos, o número de alumnos/as por grupo, son axeitados para o correcto desenvolvemento da docencia.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---------|---------|---------|---------|
| Materias básicas e obrigatorias (IN55M) | 14,33 | 7,50 | 18,33 | 7,17 |
| Materias optativas (IN56M) | 8,13 | 3,47 | 8,47 | 4,20 |

Táboa 1. Relación entre o número de alumnos/as matriculados en materias de formación básica e obrigatorias (IN55M) e optativas (IN56M) co número de grupos de teoría desas materias

Con respecto aos programas de mobilidade, a facultade ten convenio con 9 universidades para o programa SICUE e 7 universidades para o programa ERASMUS. Na páxina web do centro atópase toda a información detallada dos programas de mobilidade, convocatorias e a relación de universidades coas que a facultade ten convenio, onde o alumnado tamén ten acceso ao plan de estudos da titulación en ditas universidades (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/movilidad>). En relación co máster, non houbo ningunha participación do alumnado en programas de mobilidade. Hai que salientar que a duración do máster é dun curso académico, 60 créditos, tendo en conta que 160 horas as teñen que dedicar a prácticas externas, polo que ten limitada a posibilidade de mobilidade.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster conta con mecanismos de coordinación para garantir o bo desenvolvemento da docencia. Existe a figura de coordinador/a do Máster, que se reúne de forma periódica cos coordinadores das materias e co alumnado, para analizar as posibles incidencias na docencia e tratar temas como a revisión das programacións das materias.

En xeral, as reunións de coordinación lévanse a cabo cada vez que son pertinentes, aínda que a programación das mesmas teñen como referencia as datas esenciais para o transcurso do programa formativo, tal como marca o calendario académico da USC (inicio e finalización o período docente, composición tribunais TFM, reclamacións, etc.). Para mellorar a coordinación do título, neste curso creouse a comisión de TFM (reunión da Xunta de Facultade de 25-05-2022), que actúa como comisión delegada da Comisión Académica do Máster, onde se avalían as propostas de TFM, asígnanse os titores e tribunais e se tratan todos os temas relacionados co TFM.

As prácticas externas son unha parte fundamental do Máster en Optometría, xa que permiten ao alumnado poñer en práctica todas as técnicas e metodoloxías estudadas ao longo do curso. Polo tanto é esencial garantir un bo desenvolvemento das

Máster Universitario en Optometría

mesmas. A organización das prácticas externas corren a cargo da coordinadora do máster xunto co Decanato da Facultade. Para favorecer a realización destas prácticas, dende o curso 2018-19, a Universidade puxo en marcha unha serie de convenios con diferentes institucións clínicas e de investigación, deste xeito o alumnado podería mellorar a súa práctica no ámbito clínico ou investigador. Os centros de investigación escollidos para estas prácticas eran aqueles nos que se realizaban proxectos relacionados coa visión, mentres que os centros clínicos foron aqueles que garantían unha práctica clínica optométrica especializada, dentro das competencias da profesión de óptico-optometrista. Ademais, tamén se conta co Servizo de Optometría, que actúa como clínica universitaria situada na propia Facultade, o cal ten unha función docente e asistencial, ofertando prestación de servizos asistenciais en atención primaria visual. Dende a coordinación do Máster as prácticas externas organízanse de xeito que todo o alumnado as poida realizar do xeito mais óptimo, atendendo en todo momento todas as demandas do alumnado.

No curso 2021-22, as prácticas externas puidéronse realizar con normalidade e non houbo incidencias.

Los titores de prácticas externas e o alumnado valoraron positivamente estas prácticas, de feito, no curso 2020-21 a satisfacción dos profesionais e do alumnado foi de 4,65 sobre 5 y de 4,5 sobre 5, respectivamente. Esta boa valoración é un bo indicador que as prácticas externas facilitan a adquisición das competencias do título. Lamentablemente, non hai datos dispoñibles de satisfacción coas prácticas externas referidos ao curso 2021-22.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título de Máster en Optometría ten como obxectivo formar profesionais con alta capacidade de desempeño en diferentes aspectos especializados da optometría, que demandan as compañías e organizacións do campo da saúde, como son a crecente demanda do sector das organizacións xeriátricas, sectores da baixa visión e a rehabilitación visual; así como a investigación en diferentes campos da biomedicina e a saúde visual.

En canto ao perfil de ingreso e formación previa requirida que habilita para o acceso ao Máster en Optometría, este vai dirixido principalmente a graduados/as en Óptica y Optometría, Bioloxía, Farmacia, Medicina, e en xeral perfiles de ciencias de la saúde. Para formalizar a matrícula o alumnado debe reunir os requisitos xerais de acceso recollidos no artigo 16 do Real decreto 1993/2007, de 29 de outubro de 2007 (BOE nº 260 do 30 de outubro).

O curso 2021-22 supón o cuarto ano da implantación do Máster en Optometría, no que se matricularon **13** alumnos/as, dos cales 6 eran de novo ingreso dun total de 25 prazas ofertadas, obtendo unha taxa de ocupación do **72%** (IN12M), o que supón unha diminución da captación do alumnado en relación ao curso anterior (72%). Polo tanto, tal como se comentou no punto 1.1, débese reforzar a captación do alumnado.

Considerando a titulación de acceso dos/as matriculados/as, 12 accederon co Grao en Óptica e Optometría da USC, mentres 1 proviña da Diplomatura en Óptica e Optometría da USC. A nota media de acceso por preinscrición (IN06M) foi de 7,74, superior á do curso anterior (7,61) onde o 100% do estudantado accedeu ao título con nota media maior ou igual a seis (IN07M).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

Máster Universitario en Optometría

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os procesos desenvólvense de acordo coa normativa propia da USC e da Facultade de Óptica e Optometría.

Na páxina web da Facultade (<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria>) pódese consultar toda a normativa que rexe o Máster en Optometría recollida na seguinte dirección

(<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-optica-optometria/calidade/documentacion-sgc>) .

O regulamento de réxime interno pódese atopar neste enlace:

(https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/vhlxM33DW623_cQflr_A3L2KR4f8B1IFEox_ige7yA/1635401091/public/documents/2020-10/regulamento-de-rexime-interno-2019.pdf)

No referente ás Prácticas Externas, na páxina web da facultade pódese atopar toda a normativa que rexe as mesmas:

(<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/practicas-tuteladasexternas>)

O Máster en Optometría ten elaborado, de acordo co regulamento da universidade, a normativa para os traballos fin de Máster (TFM) no seguinte enlace:

https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/SZlg5E782EDJAY8c0_Em_gGr821XLZ5rogGe2BlqUCI/1635401126/public/paragraphs/moreinfo/2020-10/regulamento-tfm-master-optometria-consello_gobierno_29_03_191.pdf

Durante o curso 2021-22 non se recibiu ningunha reclamación relacionada con ningún dos procesos cuxa xestión depende do centro e nas que se aplicaría a normativa xeral da USC e a propia da Facultade (Regulamento de prácticas externas, regulamento de réxime interno).

Máster Universitario en Optometría

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Óptica e Optometría dispón da súa propia páxina web na que se pode atopar toda a información relativa ao centro e ao Máster en Optometría, onde se recolle a información relacionada co plan de estudos, obxectivos, contidos e a avaliación das competencias adquiridas polo alumnado. Inclúese tamén información relevante da Facultade, tal como o equipo de goberno e os órganos colexiados, a guía do alumnado no referente a horarios e datas de exames, a normativa da facultade e un apartado de calidade para se mostrar os informes de seguimento, acreditación e plans de mellora do título e do centro. Toda esta información está debidamente ordenada na páxina web, no seguinte enderezo:

<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias-saude/master-universitario-optometria>

Ademais, elabórase cada ano unha guía informativa sobre o Máster en Optometría, que se pode descargar directamente da páxina web, e que se fai chegar a todas as universidades e delegacións dos colexios profesionais a través dun correo electrónico para que informen aos egresados.

Dende a Facultade garántese un fácil acceso á información relevante do título, fundamentalmente a través da páxina web. Asemade, cada curso académico convócanse ao alumnado de novo ingreso a un acto de benvida onde se explica o funcionamento do máster e todas as particularidades da Facultade. Toda a información relevante mantense actualizada no campus virtual de Coordinación do máster, onde os alumnos e o profesorado poden acadar as ultimas novidades, cambios o modificacións relativas o desenvolvemento do máster.

A valoración da información pública da titulación, que perciben os grupos de interese, ven recollida nos informes de satisfacción elaborados a través das enquisas pertinentes.

O informe das enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación para o curso 2021-22 (INF.23), indica unha puntuación de 4,11 sobre 5 no ítem relacionado coa calidade da información pública dispoñible sobre a titulación, o que indica unha boa percepción deste colectivo.

En relación ao alumnado, no se poden extrapolar resultados deste tipo, debido a que tan só un/unha alumno/a cubriu a enquisa. De tódolos xeitos, aínda que a taxa de participación da enquisa do profesorado foi máis alta (39,13%) tamén é necesario melloralala para obter datos mais robustos.

Máster Universitario en Optometría

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Óptica e Optometría, afondando no seu compromiso coa Calidade, elaborou durante o curso 2014-2015 o seu Plan Estratéxico e a Programación Plurianual (aprobados ambos pola Comisión delegada do Consello de Goberno na súa sesión do 12/07/2015) necesarios para poder acadar os obxectivos de calidade establecidos para o período 2014-2018. Asemade, no curso 2018-19 houbo que ampliar as datas do Plan Estratéxico da Facultade ata o ano 2020, e durante o curso 2019-20 este plan pasou por outra modificación. Isto foi motivado debido a que a USC aprobou un novo Plan Estratéxico, polo que todos os centros, cuxos Plans Estratéxicos tiñan vixencia ata o ano 2020, debían amplialos ata o ano 2022 e así adaptarse ao plan da USC. Para iso, e seguindo o procedemento recomendado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, prorrogouse o Plan Estratéxico da Facultade de Óptica e Optometría ata o ano 2022, adecuando as súas accións aos eixes, liñas e obxectivos marcados na programación plurianual da USC. O 16 abril de 2021 enviouse á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos a proposta do Plan Estratéxico, previamente aprobado pola Comisión de Calidade (15/04/2021) e pola Xunta de Goberno da Facultade (16/04/2021), recibindo un informe favorable o 22 de abril de 2021.

Anualmente, a Comisión Académica do Máster e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analizan os resultados do título e compáraos co establecido na Memoria, propoñendo as Accións de Mellora que correspondan para corrixir as diverxencias detectadas.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación,

Máster Universitario en Optometría

modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este Máster está sometido aos procesos de calidade tal como se contempla no SGC. Dende o curso 2018-19, no que se elabora o primeiro autoinforme de seguimento do título de máster, analízase o título e establécense as accións de mellora necesarias, que figuran ao final deste informe.

Asemade, no curso 2018-19 modificouse o SGC da Facultade para adaptalo ao Sistema de Garantía Xeral da Universidade. Para elo actualizouse o manual do SGC e o manual de procesos.

Os informes de seguimento do título de Máster en Optometría e os manuais do SGC e procesos están publicados na páxina web do centro:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/calidad/documentacion-sgc>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise e revisión do SGC realízase dentro da Comisión de Calidade do centro na que están representados todos os grupos de interese excepto os empregadores. Este último grupo mantén unha estreita relación coa Facultade a través do comité consultivo, cuxa renovación foi aprobada na Xunta de Facultade do 24/01/2020, formado polos seguintes membros: o equipo decanal, 5 membros de representantes da empresa, 2 alumnos como representantes de egresados e 2 membros do Colexio profesional; dito Comité reúnese, como mínimo, unha vez ao ano. Ademais, os convenios cos centros clínicos e de investigación para a realización das prácticas externas, garante a relación entre os empregadores e a Facultade, así como o intercambio de ideas para a mellora tanto da docencia coma dos procesos relacionados con estas prácticas.

A elaboración da Memoria anual de calidade inclúe a revisión do Sistema de Garantía de Calidade do Centro. Dita memoria é aprobada pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade. A última Memoria de Calidade correspondente ao curso 2020-21 está publicada na páxina web da Facultade de Óptica e Optometría.

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-optica-optometria/calidad/documentacion-sgc>

Máster Universitario en Optometría

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2021-22 impartiron docencia no Máster en Optometría un total de 26 profesores/as dos cales 2 eran Catedráticos de Universidade, 1 Catedrática de Escola Universitaria, 9 Titulares de Universidade, 1 Titular de Escola Universitaria, 2 Profesores Contratados Doutores, 2 Profesores Axudantes Doutores LOU, 1 profesor Interino, e 5 Asociados de Universidade LOU e 2 Profesionais de área externa. En conxunto, o persoal docente do máster ten recoñecido 41 sexenios de investigación e 64 quinquenios de docencia. O 72,73% do Profesorado é doutor (IN25M) e o 59,09% é funcionario de carreira (IN26M).

Participan na docencia do Máster en Optometría un total de 7 Departamentos, dos cales ningún ten sede nesta facultade. Unicamente teñen sede nesta facultade dúas áreas, a área de Óptica e a área de Optometría, sendo esta última unha área propia da USC.

En relación ao profesorado relacionado coas prácticas externas indicar que o coordinador do máster, a decana e o secretario de facultade son os encargados da xestión e avaliación, xa que actúan como titores académicos. En relación ao traballo fin de máster (TFM), tendo en conta a normativa vixente na USC, todo o profesorado do título encóntrase implicado na docencia desta materia, repartíndose a carga de TFM entre os distintos departamentos con docencia no título, de forma proporcional ao número de créditos impartidos.

A USC conta cun programa de formación e innovación docente que ten por finalidade establecer un marco de formación que permita adquirir e mellorar as competencias docentes, investigadoras e de xestión necesarias para o exercicio profesional na universidade. Neste curso participaron no programa de formación un 30,43% do profesorado que imparte docencia no máster, lixeiramente inferior ao curso pasado.

Máster Universitario en Optometría

Segundo o informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida, este colectivo valorou cun 4,49 sobre 5 a súa satisfacción xeral de estes cursos (taxa de participación na enquisa do 45,31%)

O informe da enquisa de satisfacción do profesorado coas accións formativas PFID deste curso foi emitido de forma agregada para o PDI de toda a universidade, polo que no é válido para analizar aquí. Cabe recordar que para o curso 2020-21 este colectivo valorara cun 4,49 sobre 5 a satisfacción xeral de estes cursos (taxa de participación da enquisa 45,31%).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exigido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo as bases de datos da USC, a Facultade conta co seguinte persoal de apoio (PAS): 1 técnico grado medio investigación, 1 técnicos especialista de investigación, 1 técnico de investigación, 2 persoas da Escala Administrativa (responsable da unidade de xestión e secretaria de Decanato) e 2 postos de oficiais de servizo. Sinalar que o conserxe é compartido coa Facultade de Física e realiza a súa xornada principalmente nesa Facultade, o que supón que na conserxería da Facultade de Óptica e Optometría só hai un auxiliar en cada quenda (un de quenda de mañá e outro de tarde) que desenvolven as súas tarefas na conserxería desta Facultade. Do mesmo xeito, a Facultade de Óptica e Optometría tamén comparte ao Responsable de Asuntos Económicos coa Facultade de Física.

No sector biblioteca hai que sinalar que a Dirección está compartida coa Facultade de Física e a Facultade de Óptica e Optometría, e só conta con 2 auxiliares de biblioteca que atenden á sala de lectura en quenda de mañá e tarde. Sinalar que a biblioteca do centro forma parte da biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría e que os dous auxiliares cobren as quendas de mañá e tarde para manter aberta a sala de lectura e o servizo de préstamo.

En relación ao técnico de grado medio, indicar que realiza toda o seu labor en quenda de mañá, como apoio á docencia das materias clínicas que se imparten en dito servizo, no que o alumnado atenden a pacientes baixo a supervisión do profesorado, impartindo un total de 900 horas.

Debido á especificidade do Servizo e a docencia que nel se imparte, sería necesario a creación dunha praza de técnico de nivel superior para a quenda de tarde ou adecuar a xornada de traballo dos técnicos ao horario de atención ao público do servizo.

En relación ao técnico de grao medio, indicar que realiza toda a súa labor no Servizo de Optometría, en turno de mañá, como apoio á docencia das materias clínicas que se imparten en dito servizo, onde o alumnado atenden a pacientes baixo a supervisión do profesorado, impartindo un total de 900 horas.

Debido á especificidade do Servizo e a docencia que nel se imparte, sería necesario a creación dunha

Máster Universitario en Optometría

praza de técnico de nivel superior para a quenda de tarde ou adecuar a xornada de traballo dos técnicos ao horario de atención ao público do servizo.

Segundo a enquisa de satisfacción del PAS desta facultade, 11 dos 15 ítems desta enquisa obtiveron un valor superior a 4 puntos sobre un máximo de 5. O ítem mellor valorado (puntuación de 5) referíase á importancia da formación para manter a calidade do traballo. A satisfacción xeral co traballo valorouse cun 4,33 sobre 5. O grao de participación desta enquisa foi do 42,86%.

La USC tamén oferta un programa de actualización e formación para o PAS. No curso 2021-22 o 57,14% do PAS do centro participou nestas actividades de formación, valor superior ao curso anterior (37,50%).

Máster Universitario en Optometría

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade conta coas infraestruturas necesarias para impartir a docencia do Máster. Anualmente, ábrese un prazo de solicitudes de material de prácticas para o profesorado e as súas propostas son analizadas e priorizadas pola Comisión de Asuntos Económicos do centro. Dende o ano 2018 séguense uns criterios de reparto do orzamento baseándose nas horas de docencia práctica, número de alumnos/as e número de grupos de prácticas. Estes criterios aplícanse a cada materia, organizándose a súa vez polos espazos onde se realizan as prácticas.

Nun Centro cun elevado número de horas prácticas, o mantemento e a actualización dos laboratorios é unha parte fundamental para o correcto desenvolvemento da docencia. Debido a iso, o decanato púxose en contacto con varias empresas do sector para establecer unha colaboración de préstamo de

Máster Universitario en Optometría

equipos e así facilitar a docencia. Para iso firmáronse convenios coas devanditas empresas.

A importancia do Servizo de Optometría e dos gabinetes de Optometría e Contactoloxía na consecución das competencias específicas da titulación, fan necesario elaborar anualmente un estudo das necesidades de renovación dos equipos e dun plan de continxencia.

No caso do Servizo de Optometría, hai que salientar que é o lugar onde se imparten en cada curso as prácticas de varias materias do máster (*Superficie Ocular e Lentes de Contacto, Ollo Seco e Lentes de Contacto, Disconfort Ocular e Lentes de Contacto*) así como un total de 640 horas de prácticas externas. Ademais, este espazo funcional é compartido con un total de 1400 horas de docencia clínica do Grao en Óptica e Optometría (900 horas correspondentes as materias *Clínica Optométrica I, Clínica Optométrica II e Clínica Optométrica III*; e 500 horas de Prácticas Tuteladas), ademais das actividades de investigación do grupo GI-2092 Optometría, con sede no Servizo de Optometría.

É necesario indicar que o centro dispón dunha aula de informática para uso docente, con 21 postos (20 para alumnos + 1 para o/a profesor/a), ademais de 5 aulas equipadas con sistemas de proxección (ordenador canon) e todas elas equipadas cunha lousa electrónica.

A biblioteca intercentros é unha biblioteca destinada para o persoal das Facultades de Física e Óptica e Optometría. Está situada na Facultade de Física, aínda que conta cun punto de servizo na Facultade de Óptica e Optometría, onde están depositados os manuais adecuados para as titulacións que nela se imparten. Na actualidade, a Biblioteca Intercentros Física-Óptica e Optometría ten a disposición de todos os usuarios da biblioteca un total de 13.727 monografías en papel, 505 títulos de monografías audiovisuais e materiais non libraríos, incluíndo neste apartado 199 vídeos, DVDs e CD-ROMs. Entre os recursos electrónicos 42 corresponden a libros electrónicos de pago o con licenzia, mentres que 38 son publicacións periódicas no mesmo formato de adquisición e uso.

Como parte da Biblioteca Universitaria, ten acceso a todos os fondos bibliográficos que se adquiren nos diferentes centros e a través do Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGalicia), é posible acceder aos paquetes de revistas electrónicas que subscribe, entre eles *Elsevier, Nature, Springer, Wiley* e as coleccións de libros electrónicos de Elsevier e Wiley. Por outra banda, pódese acceder vía FECYT ás bases de datos de *Scopus, Web of Science ou Journal Citation Report*, entre outras.

A maiores dos servizos de orientación ao estudantado do que dispón a USC, cada ano, ao inicio do curso académico, realízase una xornada de acollida para o alumnado de novo ingreso, para información do desenvolvemento do curso e que leva a cabo a decana e a coordinadora do máster. Convócase a este alumnado a través do campus virtual de USC na sección de Coordinación.

Ademais das prácticas que o alumnado do Máster en Optometría realiza na Facultade, ten a posibilidade de realizar prácticas noutros centros segundo as materias nas que se matricule:

- AGADEA (Asociación Galega de Axuda ós Enfermos con Demencias tipo Alzheimer) e Centros da Xunta Galicia e centros residenciais privados con pacientes con deterioro cognitivo e Alzheimer (materia *Envellecemento e Visión*).
- Centros sociais (Espazo Veciñal de Sar), dentro dun proxecto Aprendizaxe Servizo (ApS) nos que realizan exames visuais a nenos e nenas (materia *Optometría Pediátrica*).

Máster Universitario en Optometría

- CEIP de Palmeira (Concello de Riveira), dentro dun ApS nos que se fai un cribaxe visual a estudantes (materia *Prácticas Externas*)
- IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela) situado no Hospital Clínico Santiago-CHUS (materias *Marcadores Moleculares das Alteracións da Visión e A Visión nas Enfermidades do Sistema Nervioso*).

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades académicas, metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación desenvólvense de acordo ao recollido na memoria verificada do título. Antes da finalización de cada curso académico, o profesorado revisa e actualiza a programación de cada materia que imparte para o seguinte curso, de forma que cumpra co establecido na memoria verificada.

As enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese son parte fundamental do proceso de seguimento da titulación e do proceso de garantía e mellora da calidade, polo que o grao de participación nestas é de especial relevancia. No curso 2021-22, a participación do profesorado coa enquisa de satisfacción da docencia impartida (ver táboa 2) foi a máis alta dende a implantación do título (43,48%), sen embargo, o alumnado obtivo a participación máis baixa (12,5%). É necesario mellorar a participación dos grupos de interese nestas enquisas, especialmente no alumnado, cuxa participación sufriu unha notable diminución en relación ao curso anterior (45%).

| Participación nas enquisas (%) | 2018/2019 | 2019/2020 | 2020/2021 | 2021/2022 |
|--------------------------------|-----------|-------------|-----------|-----------|
| Profesorado | 37,04 | 24,24 | 31,25 | 43,48 |
| Alumnado | 60 | 20*/33,33** | 45 | 12,5 |

*Táboa 2. Participación dos distintos grupos nas enquisas de satisfacción coa docencia. * Porcentaje de participación en el primer semestre, **participación en el segundo semestre.*

Con respecto ao alumnado, a valoración global da satisfacción coa docencia recibida (INF13) obtivo a mínima puntuación (2,13 sobre 5) en relación aos cursos anteriores (3,51, 4,73 y 4,19 para os cursos 2018-19, 2019-20 e 2020-21, respectivamente). Este dato extremo pode ser debido á baixa taxa de participación do alumnado coas enquisas, que tal como se comentou anteriormente, diminuíu de forma dramática. Segundo a información facilitada polo centro de datos da USC, a participación do 12,5% do alumnado supuso que en realidade só houbo 1 alumno/a que cubriu estas enquisas, e tan só para unha única materia. Polo tanto non ten sentido facer unha análise destes resultados. Isto indica que é

Máster Universitario en Optometría

necesario reforzar a acción de mellora destinada a incrementar a participación do alumnado nas enquisas.

En relación ao profesorado, a taxa de participación do 43,48%, aínda que mellorable, permite que os resultados sexan máis extrapolables. A valoración media da súa satisfacción coa docencia impartida (INF14) foi dun 4,33 sobre 5, mantendo a tendencia dos cursos anteriores de obter unha valoración maior que 4. Da mesma forma ca o curso anterior, todos os ítems, excepto un, obtiveron un valor maior que 4. O ítem menos valorado segue sendo, dende o curso 2018-19, o grao de coordinación entre as distintas materias do máster (3,92), que aínda que non é un valor moi reducido deberíase mellorar este aspecto. Os ítems mellor valorados da enquisa, de forma similar aos cursos anteriores, foron os relacionados co grao de accesibilidade do profesorado co alumnado (4,59), se o profesorado mantíña un trato correcto cos estudantes (4,75) e o interese de recibir formación de apoio para mellorar a docencia (4,53).

No curso 2022-23 non houbo ningún matriculado nas materias *“Láser na práctica clínica”*, *“Psicología do paciente”*, *“Xestión e programación en problemas de visión”*, *“Envelleemento e visión”*, *“A visión en enfermidades do sistema nervioso”* e *“Estudo funcional en persoas con baixa visión”*. Hai que salientar que para a materia *“Láser na práctica clínica”* este é o segundo curso consecutivo sen ningún matriculado/a.

Finalmente, dende os órganos de goberno da Facultade de Óptica e Optometría faise unha vixilancia dos resultados de aprendizaxe que se teñen en conta para a revisión e mellora do plan de estudos. Neste sentido, a Comisión Académica do Máster e a Comisión de Calidade realizan unha análise anual dos resultados dos diversos indicadores e se estudan os casos onde se observa unha diminución nos valores respecto aos cursos anteriores.

Máster Universitario en Optometría

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No que atinxe aos Indicadores de demanda, faise referencia ao apartado 1.1., onde faise referencia da demanda dos egresados en Óptica e Optometría para cursar o Máster en Optometría. Sen embargo, para a elaboración do informe non temos dispoñibles os datos da CIUG da demanda do título.

Tal como se comentou no punto 1.1, a taxa de ocupación do Máster en Optometría foi moi variada dende a implantación do título (ver táboa 1), onde a maior cantidade de matriculados/as obtívose no curso 2020-21. Cabe citar que, para ese curso, con data de 24 de abril de 2020, reforzáranse as accións divulgativas do máster, mediante a celebración dunhas xornadas de orientación de postgrao, cunha alta participación do alumnado. Para o curso 2021-22 non se celebraron estas xornadas. Por tanto, é necesario reeditalas cada ano, dado p éxito que tiveron na demanda dos estudantes no máster.

En relación aos resultados de aprendizaxe, estes deben garantir que os estudantes acaden os obxectivos do programa formativo, sempre en coherencia con perfil de egreso. Para a súa valoración, faise uso dos indicadores pertinentes que se detallan a continuación.

A taxa de rendemento do título (IN34M), que mide a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon, mostrou un valor alto, aínda que lixeiramente inferior aos cursos anteriores (táboa 3) e superior ao valor establecido na memoria do título (74%). Hai que recordar que o dato elevado do curso 2019-20 corresponde co período de confinamento e a avaliación online, onde se tratou de que a situación excepcional non prexudicara ao alumnado.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|-----------|---------|---------|---------|---------|
| IN34M (%) | 94,24 | 97,92 | 94,91 | 83,08 |

Táboa 3. Taxa de rendemento do título (IN34M)

En relación coa Taxa de éxito do título (IN35M), que considera os créditos superados en relación aos que o alumnado se presentou aos exames (táboa 4), obsérvase que, por terceiro ano consecutivo, obtense o máximo valor (100%).

Máster Universitario en Optimetría

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|-----------|---------|---------|---------|---------|
| IN35M (%) | 98,57 | 100 | 100 | 100 |

Táboa 4. Taxa de éxito do título (IN35M)

Atendendo á taxa de rendemento por materias, pódese apreciar que todas, excepto 3, alcanzan un valor do 100%. As materias que non logran o 100% son “Inmunoloxía Ocular” e “Metodoloxía da investigación e a prevención en visión”, obtendo unhas elevadas taxas de rendemento do 87,50% e 85,71%, respectivamente. Pola outra banda, a materia do Traballo Fin de Máster obtivo unha taxa de rendemento moi baixa (41,67%)

Cando se observan estes resultados considerando ao alumnado que se presentou aos exames, é dicir, a taxa de éxito (IN35M), obsérvase que todas las materias obtiveron un valor do 100%, o que indica uns bos resultados.

A taxa de graduación (IN37M), que se refire á porcentaxe de estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto, obtivo o máximo valor (88,89%) dende a implantación do máster (ver táboa 5) e moi próximo ao valor establecido na memoria verificada do título (90%). Segundo o indicador da duración media dos estudos (IN38M), o alumnado supera os créditos do plan de estudos do máster nun promedio de 1,60 anos (táboa 6). Isto pode ser debido a que moitos estudantes aplazan a lectura e/ou realización do TFM, tal como se verifica na baixa taxa de rendemento (41,67%) e de avaliación (41,67%) que ten a materia do TFM.

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|-----------|---------|---------|---------|---------|
| IN37M (%) | - | 78,95 | 75 | 88,89 |

Táboa 3. Taxa de graduación (IN37M)

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|--------------|---------|---------|---------|---------|
| IN38M (anos) | 1,00 | 1,25 | 1,14 | 1,60 |

Táboa 4. Duración media dos estudos (IN38M)

Ademais dos resultados de aprendizaxe, tamén é importante coñecer o grao de abandono do alumnado do título (IN41M), o cal está relacionado coa súa relevancia. Por segundo ano consecutivo, non houbo ningún abandono (táboa 5), o que supera as expectativas indicadas na memoria verificada do título (5%).

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|-----------|---------|---------|---------|---------|
| IN41M (%) | - | 15,79 | 0,00 | 0,00 |

Táboa 5. Taxa de abandono (IN41M)

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Máster Universitario en Optometría

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

As enquisas de satisfacción coa titulación de todos os grupos de interese son esenciais no proceso de seguimento da titulación e de garantía e mellora da calidade. O grupo de interese con maior participación nas enquisas de satisfacción foi o do profesorado, cunha participación do 39,13%, obtendo a maior participación dende a implantación do título (táboa 6). Pola contra, a participación do alumnado foi insuficiente (12,5%), onde tan só un alumno/a cubriu a enquisa, polo que os resultados non son nada representativos. Hai que salientar que, para a difusión destas enquisas, dende o decanato se remitiron varios correos a todo o alumnado para transmitir a importancia de participar. De todas formas, débese seguir mellorando a difusión da información a este colectivo.

En relación aos alumnos egresados, dende a USC distribuíronse as enquisas, pero só se obtiveron os resultados agregados de toda a Universidade, polo que non temos os datos particulares para este título (táboa 6).

| Participación nas enquisas (%) | 2017/2018 | 2018/2019 | 2019/2020 | 2021/2022 |
|--------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Profesorado | 22,22 | 18,18 | 21,88 | 39,13 |
| Alumnado | 11,11 | 20 | 5,00 | 12,5 |
| Titores prácticas externas | 33,33 | - | 23,08 | - |
| Alumnos egresados | - | - | - | - |

Táboa 6. Participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción coa titulación.

En relación coa enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, indicar que a súa valoración global foi de 3 sobre 5. Sen embargo, como se comentou anteriormente, esta enquisa unicamente foi cuberta por un alumno, polo que carece de validez.

Segundo os resultados das enquisas, a valoración global do profesorado coa titulación foi de 4,08 sobre 5, mantendo a puntuación superior a 4 dende o curso 2019-20. Dos 19 ítems que compoñen a enquisa, 14 obtiveron un valor igual ou superior a 4, os cales abordan aspectos relacionados coa información da titulación, a atención do persoal de servizos, o campus virtual, os horarios, carga de traballo e todos os aspectos relacionados co grao de cumprimento do alumnado. Pola outra banda, os 5 ítems cuxo valor estaba comprendido entre 3 e 4 abordaban aspectos do equipamento das aulas, a coordinación do profesorado e a organización da titulación.

En relación á enquisa de satisfacción dos titores externos coas Prácticas externas, non se teñen resultados para este curso, de feito, tan só se obtiveron datos para o curso 2018-19 e o 2020-21. No curso 2018-19, os titores de prácticas externas valoraran a súa satisfacción con estas prácticas cun 3,75 sobre 5 (IN20M), puntuación que mellorou no curso 2020-21 (4,67 sobre 5).

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Máster Universitario en Optometría

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Debido a que este máster non habilita para o exercicio dunha profesión regulada, aínda non se conta con datos relacionados coa inserción laboral.

Máster Universitario en Optometría

| 3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS | |
|-------------------------------------|---------------|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

Máster Universitario en Optimetría

| 4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u> | | | |
|---|----|---|---------------------------------------|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | URL do título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 4316688_P.Ind_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.16_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.CiUG_2021-2022 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 4316688_I2_2021-2022 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 4316688_P.Ind_2021-2022 |
| | | | 5056_INF.03_2021-2022 |
| 2 | E9 | Páxina web da | URL da USC |

Máster Universitario en Optimetría

| | | | |
|--------------------------|-----|---|--|
| | | universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**") | URL do Centro |
| | | | URL do título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | URL do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | URL do Centro |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | URL do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...) | Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 4316688_P.Ind_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.04_2021-2022 |
| | | | 5056_INF.05_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.06_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.07_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.08_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.09_2021-2022 |
| | | | 5056_INF.10_2021-2022 |
| | | | 5056_INF.11_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.13_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.14_2021-2022 |
| | | | 5056_INF.21_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.22_2021-2022 |
| 4316688_INF.23_2021-2022 | | | |

Máster Universitario en Optometría

| | | | |
|---|-----|---|---|
| | | | 4316688_Informe_de_indicadores_2021-2022 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 4316688_P.Ind_2021-2022 |
| | | | 4316688_Informe_de_indicadores_2021-2022 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4316688_E15_2021-2022 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5056_E16_2021-2022 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...) | Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5056_I6-17_2021-2022 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5056_I6-17_2021-2022 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...) | 4316688_INF.13_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.14_2021-2022 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5056_I10_2021-2022 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | URL do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida | URL do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Enlace web ou PDF |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Enlace web ou PDF |

Máster Universitario en Optometría

| | | | |
|-------|-----|---|--|
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 4316688_INF.15_2021-2022 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación | 4316688_P.Ind_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.17_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.18_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.19_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF_SIIU_2021-2022 |
| | | | 4316688_Informe_de_indicadores_2021-2022 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 4316688_P.Ind_2021-2022 |
| | | | 4316688_INF.CIUG_2021-2022 |
| | | | 4316688_Informe_de_indicadores_2021-2022 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 4316688_EIL-SIIU_2021-2022 4316688_EIL-ACSUG_2021-2022 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) | 4316688_P.Ind_2021-2022 4316688_Informe_de_indicadores_2021-2022 4316688_MedUSC_cursocelda |

***Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).**

Máster Universitario en Optometría

| <u>ACCIÓN DE MELLORA</u> | |
|------------------------------------|--|
| Código | AM-1 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Autoinforme de seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 4 - Recursos humanos |
| Análise causa | Realizouse un estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila. |
| Definición/ descrición proposta | Estudo e diagnose dos axustes necesarios na planificación docente da titulación e dos recursos humanos da área de Optometría óptimos para impartila. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023; Inicio: 06/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Hugo Pena Verdeal, M ^a Jesús Giráldez Fernández |

Máster Universitario en Optometría

| <u>ACCIÓN DE MELLORA</u> | |
|------------------------------------|--|
| Código | AM-2 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Autoinforme de seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 2 - Información e transparencia |
| Análise causa | Detectouse, falta de información relativa á metodoloxía docente e aos sistemas de avaliación. |
| Definición/ descrición proposta | Elaboración e implantación dun modelo de guía docente xeral para o máster e a súa particularización para cada materia. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Hugo Pena Verdeal, M ^a Jesús Giráldez Fernández |

Máster Universitario en Optometría

| <u>ACCIÓN DE MELLORA</u> | |
|------------------------------------|---|
| Código | AM-3 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Autoinforme de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento |
| Análise causa | Baixa participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción. |
| Definición/ descrición proposta | Implantar medidas para incrementar a participación dos grupos de interese nas enquisas de satisfacción. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023; Inicio: 06/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Carlos García Resúa, Hugo Pena Verdeal, M ^a Jesús Giráldez Fernández |

Máster Universitario en Optometría

| <u>ACCIÓN DE MELLORA</u> | |
|------------------------------------|---|
| Código | AM-4 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Autoinforme de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1 – Organización e desenvolvemento |
| Análise causa | Necesitase reforzar a captación do alumnado. |
| Definición/ descrición proposta | Implantar medidas destinadas a mellorar o nivel de captación do alumnado. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023; Inicio: 06/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Carlos García Resúa, Hugo Pena Verdeal, M ^a Jesús Giráldez Fernández |

